



NÚMERO DE EXPEDIENTE	PCO.001.2024.00153
CÓDIGO PROYECTO	2022.3.81990.4
DENOMINACIÓN	PSTD: PROYECTO FRAGAS DEL EUME

NGEU_ SUMINISTRO DUNHA LANZADEIRA ELÉCTRICA_ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)_ FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU_ PSTD FRAGAS DO EUME (E2.A3)

EJE	2. Mejora de la eficiencia energética
ACTUACIÓN	3. Instalación de una lanzadera eléctrica, aparcamientos disuasorios y mejoras de la movilidad del Parque Natural Fragas do Eume
CODIFICACIÓN	E2.A3

A Comarca do Eume está formada polos municipios da Capela, As Pontes, Cabanas, Monfero e Pontedeume. Trátase dun territorio con personalidade propia e unha historia común, que comparte recursos naturais e patrimoniais, e que conta co río Eume e o Parque Natural das Fragas do Eume como principal nexo de unión.

Nos últimos anos a comarca experimentou un importante incremento no número de visitantes. Destacan o Parque Natural das Fragas do Eume, un dos principais reclamos turísticos dentro do Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas e que ocupa territorio nos cinco concellos da comarca, e o eixo Cabanas-Pontedeume, cunha importante historia como vilas “de veraneo”.

Nun mercado cada día mais competitivo e cambiante, no que se fai necesario adaptarse cada vez mais rápido as novas tendencias e que demanda un xiro cara o turismo sostible, a comarca do Eume decide emprender un proxecto común que lles permita ser mais competitivos e que se materializa coa elaboración do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume.

Este Plan ten a súa orixe na grave situación económica que desencadeou a pandemia do COVID 19, polo que a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea acordaron un plan de recuperación para saír desta crise e sentar as bases para unha Europa moderna e máis sustentable. Así, o Consello Europeo puxo en marcha a iniciativa NEXT GENERATION EU (NGEU), estruturada en varios instrumentos, un dos de maior volume é o



Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que apoiará reformas e investimentos a longo prazo cun impacto duradeiro na produtividade e a resiliencia da economía da Unión Europea.

En España o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) traza a folla de ruta para a modernización da economía española e para responder os retos da próxima década, co fin de mitigar o impacto da emerxencia sanitaria e adaptarse ao novo escenario postpandemia, comportando un importante volume de investimento público e privado nos próximos anos que se financiará cos citados fondos NGEU.

A quinta política do PRTR está denominada “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora” e materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través da compoñente catorce: “Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico”, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sustentabilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

Os catro grandes eixos desta compoñente son:

1. Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade
2. Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico
3. Estratexias de resiliencia turística para territorios extra-peninsulares
4. Actuacións especiais no ámbito da competitividade

No primeiro dos eixos é no que se sitúa esta Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sustentabilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística, que á súa vez articulan a súa intervención por medio dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e orientarase á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia e cos demais obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.

A Deputación Provincial da Coruña presentou a finais de 2021 unha candidatura á convocatoria do PSTD extraordinario supramunicipal: o Proxecto Fragas do Eume que implica aos concellos de As Pontes de García Rodríguez, A Capela, Cabanas, Monfero e Pontedeume.



SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO



Este proxecto está dirixido a incrementar a sustentabilidade e capacidade operativa do territorio o dos xestores do mesmo, reforzando a colaboración público - privada para responder á caída da demanda e a necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.

A solicitude de PSTD para o Proxecto Fragas do Eume foi aprobada e formalizouse na Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo (BOE núm. 312, do 29.12.2021), cun orzamento de 1,5 millóns de euros.

Este contrato atópase dentro da Actuación 3, do PSTD Fragas do Eume, denominada “Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume”. Con ela perséguese avanzar, por unha banda, no proceso de descarbonización do destino turístico e, por outro, na adaptación ao cambio climático do mesmo.

Coa actuación na que se sitúa o presente contrato preténdense levar a cabo dúas accións complementarias para lograr os obxectivos de descarbonización da mobilidade que se pretenden.

Por unha banda, o acondicionamento dunha parcela municipal do núcleo da Capela para a creación dun aparcamento disuasorio que inclúe un zona de aparcamento e servizos para autocaravanas, e por outro, a subministración dun vehículo eléctrico de transporte público que preste o servizo de traslado de visitantes desde o aparcamento disuasorio ata a entrada do Parque Natural Fragas do Eume, concretamente ata o camiño de acceso ao Mosteiro de Caaveiro, Ben de Interese Cultural situado no devandito parque.

O presente contrato enmárcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.